DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

FOLLA DE RUTA PARA A

# AXENDA 2030

DA PROVINCIA DE

# PONTEVEDRA

UN COMPROMISO PROVINCIAL CO DESENVOLVEMENTO DAS PERSOAS E O PLANETA



# ÍNDICE

Introdución

1. Resumo de impactos por ODS

2. Enfoque metodolóxico

3. Ficha por ODS

Anexos
- Anexo I - Caracterización
- Anexo II - Codificación das competencias da Deputación de Pontevedra
- Anexo III - Codificación dos programas da Deputación de Pontevedra
- Anexo IV - Aliñamento
- Anexo V - Implantación
- Anexo VI - Impacto

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# AXENDA 2030

## ABORDANDO O DESAFÍO MUNDIAL DA SUSTENTABILIDADE

En setembro de 2015 a Asemblea Xeral das Nacións Unidas aprobou a **Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible**. A axenda recolle un plan con alcance mundial que persegue converterse na folla de ruta a nivel global para loitar contra os **grandes desafíos do planeta:** erradicación da pobreza, loita contra a desigualdade, defensa da xustiza e freo do cambio climático.

A Axenda establece **17 obxectivos de desenvolvemento sostible** que serán alcanzados a través da consecución de **169 metas** enfocadas aos ámbitos social, económico e ambiental:



Os obxectivos definidos son:

- **De carácter integrado**, xa que abarcan todos os retos a abordar a nivel mundial, todas as nacións do planeta e todos os niveis de goberno.
- **Indivisibles,** debéndose alcanzar no seu conxunto sen deixar atrás ningún deles.
- **Medibles,** o que permite realizar un seguimento na súa consecución
- **Ambiciosos,** xa que alcanzan a todo o mundo sen excepción.

Estes obxectivos enfócanse ás 5 esferas fundamentais para un desenvolvemento sostible (as denominadas “5 P”), que se identifican como os alicerces fundamentais para construír un futuro mellor para todas e todos:



# AXENDA 2030

## CONSTRUÍNDO A PONTEVEDRA DO FUTURO

Os ODS son unha panca para a transformación social, municipal e para a creación de valor compartido.

**A Deputación de Pontevedra emprega o enfoque "local para ser global",** abordando directamente as cuestións próximas onde existen problemáticas sinaladas polos ODS e influíndo a nivel global para transformar o mundo.

Neste sentido, o papel impulsor e coordinador da Deputación de Pontevedra debe ser determinante tanto para propiciar o cambio social, como para demostrar a capacidade dos seus municipios na loita contra os grandes retos e en liña cun desenvolvemento sostible.

O reto da Deputación non debe ser falar dos ODS, senón impulsalos e xestionalos.

Os ODS convertéronse nunha oportunidade para mobilizar aos territorios e conectalos cos seus cidadáns a través de:

- **A IDENTIFICACIÓN** de oportunidades e novos escenarios no medio e longo prazo.
- **O FORTALECEMENTO** dos compromisos cos grupos de interese.
- **A CONSTRUCIÓN** de modelos máis sostibles e aliñados cos grandes retos globais.
- **A CONTRIBUCIÓN** á creación dunha contorna máis sostible.
- **A INVOLUCRACIÓN** de todo o persoal.



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Para aproveitar a oportunidade que para a provincia supón a Axenda 2030 é necesario coñecer o aliñamento actual dos programas postos en marcha ata a data no territorio, e analizar o grao de implantación e impacto dos mesmos en función da súa contribución ás metas marcadas para cada ODS.

Perseguindo este obxectivo identificáronse as seguintes variables como base das tarefas a implementar para a definición da folla de ruta da Provincia en relación á Axenda 2030.

A Deputación de Pontevedra aborda 31 das metas definidas polos ODS, xa que son aquelas ligadas ás competencias que como Deputación ten encomendadas ou que se alcanzan grazas a impactos derivados dos seus proxectos e das múltiples pancas accionadas a través de alianzas.

17 **ODS DE APLICACIÓN**

31 **METAS ABORDADAS**

36 **COMPETENCIAS**

158 **PROGRAMAS**

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# AXENDA 2030

## COMPETENCIAS DA DEPUTACIÓN

A Deputación de Pontevedra asume, dende o ámbito local e no límite das súas competencias, un papel importante nos retos do planeta, definidos a nivel global nos 17 ODS contidos na Axenda 2030 de Nacións Unidas.

As políticas desenvolvidas pola Deputación Provincial de Pontevedra veñen determinadas pola estrutura competencial que a lexislación vixente no estado español fixa a este nivel de administración local.

Así, o meirande esforzo orzamentario e de xestión, no camiño de alcanzar os obxectivos da Axenda 2030 de Nacións Unidas, oriéntase a aqueles ámbitos relacionados coa redistribución dos recursos públicos que supón a asistencia técnica, xurídica e económica na prestación de servizos básicos aos seus habitantes, especialmente orientada aos concellos que contan con menos de 20.000 habitantes.

O exercicio destas competencias, relacionadas coa consecución das metas incluídas nos ODS 1, 2, 3, 6, 9, 11 e 16, absorbe, no ano 2019, un 80% do orzamento provincial.



DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Aquelas competencias que a Deputación de Pontevedra non desenvolve exclusivamente a través do apoio aos concellos da provincia, están relacionadas con tres aspectos, fundamentalmente:

- a procura da igualdade de oportunidades, relacionada cos ODS 5 e 10.
- a cooperación no desenvolvemento económico e social da provincia, na procura das metas do ODS 8.
- a mitigación e adaptación ao cambio climático e a defensa da biodiversidade, que ten que ver coa consecución dos ODS 12, 13, 14 e 15.

Unhas e outras implican unha forte política de alianzas público privadas, interterritoriais e interadministrativas, que son tamén intrínsecas na asistencia aos concellos no exercicio das súas competencias básicas, e aliñan á Deputación de Pontevedra coas metas do ODS 17.

Metodoloxicamente, en primeiro lugar tómase consciencia da ampla actividade e impactos que a Deputación xera en diversas metas dos ODS á marxe das súas competencias directas. Por tanto, a metodoloxía para a realización deste diagnóstico tratou de beber da gran cantidade de proxectos directos xerados a través dos seus programas, pero tamén tomou gran cantidade de información dos seus impactos derivados e pancas accionadas a través da súa intensa participación en alianzas e convenios.

# RESUMO DE IMPACTOS POR ODS

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# 1. RESUMO DE IMPACTOS POR ODS

## ODS 1: POÑER FIN Á POBREZA EN TODAS AS SÚAS FORMAS EN TODO O MUNDO

Estamos apoiando á prestación de **axudas básicas de emerxencia** en todos os concellos de menos de 20.000 habitantes, e atendemos a **133 menores en risco de exclusión social** no **Centro Príncipe Felipe.** Ademais colaboramos a través da **axuda humanitaria** en países en situación de conflito ou pobreza.

## ODS 2: POÑER FIN Á FAME, LOGRAR A SEGURIDADE ALIMENTARIA E A MELLORA DA NUTRICIÓN E PROMOVER A AGRICULTURA SOSTIBLE

Desenvolvemos programas formativos no eido da **agricultura ecolóxica** e a **produción sostible** dos produtos do campo, impulsando a **produtividade de alimentos** apostando pola investigación na Estación Fitopatolóxica Areeiro e a Finca Mouriscade, e fomentando a **redución do desperdicio alimentario** a través da concienciación en institucións educativas.

## ODS 3: GARANTIR UNHA VIDA SA E PROMOVER O BENESTAR PARA TODOS EN TODAS AS IDADES

As nosas **accións informativas sobre saúde e benestar** e os nosos **programas de deporte** dirixidos a promover á vida saudable, chegan a **un de cada dous concellos de menos de 20.000 habitantes**, co obxectivo de alcanzar ao 100% da poboación no horizonte 2020.

## ODS 4: GARANTIR UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA, EQUITATIVA E DE CALIDADE E PROMOVER OPORTUNIDADES DE APRENDIZAXE DURANTE TODA A VIDA PARA TODOS

Dende a Deputación de Pontevedra reforzamos a educación co programa **DepoEmprende na escola**, actuando en **25 centros educativos** e alcanzando o **60% dos concellos**, perseguindo o **obxectivo do 100% para o ano 2022.** Ademais, desenvolvemos o **programa DepoRúARTE**, que persegue formar en valores á mocidade nos centros de ensino da provincia.

## ODS 5: LOGRAR A IGUALDADE ENTRE OS XÉNEROS E EMPODERAR A TODAS AS MULLERES E AS NENAS

Cos **programas de igualdade** actuamos sobre o 100% da poboación feminina e masculina da provincia, destacando a creación da **Escola de Igualdade María Vinyals** e as iniciativas **Mulleres en Acción, Puntos Violetas** e **En Negro Contra as Violencias**. Ademais, vimos de implantar un **Plan de Igualdade** que implica a 2.084 persoas da Deputación.

## ODS 6: GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE DE AUGA E A SÚA XESTIÓN SOSTIBLE E O SANEAMENTO PARA TODOS

Investimos 3 millóns de euros na mellora da subministración, saneamento e depuración de **32 concellos con poboación menor a 50.000 habitantes.**

## ODS 7: GARANTIR O ACCESO A UNHA ENERXÍA ALCANZABLE, SEGURA, SOSTIBLE E MODERNA PARA TODOS

O **47% dos concellos menores de 20.000 habitantes** recibiron financiamento en accións para a **mellora da súa eficiencia enerxética** nos dous últimos anos, e traballamos no obxectivo de alcanzar o 100% de apoio nestas medidas.

## ODS 8: PROMOVER O CRECEMENTO ECONÓMICO SOSTIDO, INCLUSIVO E SOSTIBLE, O EMPREGO PLENO E PRODUTIVO E O TRABALLO DECENTE PARA TODOS

Impulsamos o **desenvolvemento económico e social** da provincia investindo **14 millóns de euros**, entre axudas a colectivos e programas propios, co obxectivo de alcanzar un **emprego decente** e unha **maior inserción laboral.**

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

## ODS 9: CONSTRUÍR INFRAESTRUTURAS RESILIENTES, PROMOVER A INDUSTRIALIZACIÓN INCLUSIVA E SOSTIBLE E FOMENTAR A INNOVACIÓN

Conseguimos unha **mellora na accesibilidade capilar aos núcleos rurais** de **9 concellos**, apoiamos o impulso á dixitalización do territorio a través dos proxectos europeos como o **IN 4.0**, e poñemos a disposición do **100% da poboación** o **asesoramento a pemes e emprendedores no eido das TIC.**

## ODS 10: REDUCIR A DESIGUALDADE EN E ENTRE OS PAÍSES

Alcanzamos a **24.000 beneficiarios** a través dos **programas de fomento da igualdade de oportunidades**, e realizamos **campañas de concienciación** sobre a desigualdade social, económica e de dereitos humanos no mundo.

## ODS 11: LOGRAR QUE AS CIDADES E OS ASENTAMENTOS HUMANOS SEXAN INCLUSIVOS, SEGUROS, RESILIENTES E SOSTIBLES

Desenvolvemos **38 programas** e dedicamos o **20% do noso orzamento** a asegurar o **acceso de todos os cidadáns a uns servizos básicos e sostibles.**

## ODS 12: GARANTIR MODALIDADES DE CONSUMO E PRODUCIÓN SOSTIBLES

**2 de cada 3 concellos da provincia** están adheridos ao **Plan Revitaliza,** que promove a compostaxe dos residuos de orixe doméstico.

## ODS 13: ADOPTAR MEDIDAS URXENTES PARA COMBATER O CAMBIO CLIMÁTICO E OS SEUS EFECTOS

Incrementamos o noso esforzo na **prevención e defensa contra incendios** limpando os montes da provincia ata alcanzar ao **55% da superficie forestal,** ao tempo que apoiamos medidas de **mellora da eficiencia enerxética municipal.**

## ODS 14: CONSERVAR E UTILIZAR EN FORMA SOSTIBLE OS OCÉANOS, OS MARES E OS RECURSOS MARIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

**1 de cada 3 concellos costeiros** xa mellorou o seu saneamento mediante novas obras, e perseguimos o obxectivo de **chegar a todo o litoral no horizonte 2020.** Ademais, realizamos **campañas anuais de concienciación** sobre os efectos da contaminación mariña.

## ODS 15: XESTIONAR SOSTIBLEMENTE OS BOSQUES, LOITAR CONTRA A DESERTIFICACIÓN, DETER E INVERTER A DEGRADACIÓN DAS TERRAS E DETER A PERDA DE BIODIVERSIDADE

O **30% da superficie forestal dos concellos de menos de 20.000 habitantes** conta con subvencións para o seu mantemento, alcanzando un total de **76.665,4 hectáreas**, e traballamos na defensa da biodiversidade a través da **Estación Fitopatolóxica Areeiro.**

## ODS 16: PROMOVER SOCIEDADES XUSTAS, PACÍFICAS E INCLUSIVAS

Dotámonos recentemente dunha **ordenanza provincial de transparencia**, que regula o dereito ao acceso á información, a publicidade institucional e o exercicio da información pública, co fin de garantir este dereito a todos os pontevedreses e pontevedresas. Realizamos ademais, **xornadas anuais de inclusión social** para fomentar o intercambio de ideas e a toma de conciencia.

## ODS 17: REVITALIZAR A ALIANZA MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Mantemos **alianzas de colaboración** con **234 entidades públicas e privadas**, tendo pechado acordos coa Xunta de Galicia e o Goberno Central, 71 concellos e entidades locais, e máis de 160 concellos e deputacións nacionais.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# 2

# ENFOQUE METODOLÓXICO

# 2 . ENFOQUE METODOLÓXICO

Realizouse unha análise do contido dos programas e accións da deputación provincial dos anos 2017, 2018 e 2019, á luz das competencias propias dunha deputación provincial e a súa concordancia coas metas marcadas para os 17 ODS da Axenda 2030 da ONU.

Esta análise foi levada a unha serie de fichas explicativas que se recollen nos anexos a este documento.

Ademais, para a adecuada representación das competencias e programas na análise, deseñouse un sistema de codificación propio (anexos II e III). A cada competencia asignóuselle un número e unha cor diferente, e a cada programa un código composto por letras (sigla do servizo ao que pertence o programa) e números.

## A. ALIÑAMENTO

Partindo da **concordancia** entre a Deputación de Pontevedra e as metas ODS, que se define nun total de 17 ODS e 31 metas iniciais, analizouse a súa **capacidade transformadora** dende o punto de vista orzamentario e orgánico. Así, xéranse as **fichas descritivas** por cada ODS e un **resumo de impactos** por ODS.

### CAPACIDADE TRANSFORMADORA DENDE O PUNTO DE VISTA ORZAMENTARIO

Estableceuse unha correspondencia entre cada un dos programas e servizos da Deputación Provincial de Pontevedra, e a estrutura do ODS de aplicación. A partir do orzamento correspondente a cada programa e servizo, calculouse o peso relativo de cada ODS no montante total do orzamento.

### CAPACIDADE TRANSFORMADORA DENDE O PUNTO DE VISTA DA CAPACIDADE ADMINISTRATIVA

Calculouse o número de programas correspondentes a cada ODS de aplicación e dividiuse entre o número total de programas (158) desenvolvidos pola Deputación e que están aliñados coas metas ODS.

Os resultados globais deste aliñamento poden ser consultados no anexo IV.

## B. IMPLANTACIÓN

Partindo do número de concellos de poboación menor a 20.000 habitantes abranguidos por cada programa, obtidos a partir dos datos proporcionados pola Deputación de Pontevedra, calculouse o número de concellos e a poboación alcanzada polos programas da Deputación, en relación á estrutura dos ODS.

Obtivéronse dous graos de implantación:

- Un grao de implantación territorial, que é a porcentaxe de concellos alcanzados polo conxunto de programas dirixidos á consecución das metas de cada ODS, en relación ao total de concellos de menos de 20.000 habitantes (52).
- Un grao de implantación poboacional, que é a porcentaxe de poboación obxectivo do conxunto de programas dirixidos ás metas de cada ODS en relación ao total de poboación residente nos concellos de menos de 20.000 habitantes.

Os resultados globais pódense consultar no anexo V.

## C. IMPACTO

Analízase dende dous puntos de vista. Por unha banda, dende o grao de **contribución** que os programas da Deputación teñen en relación á localización da Axenda 2030 para a Deputación de Pontevedra. Este índice calcúlase como a porcentaxe das metas incluídas en cada ODS nas que incide a Deputación de Pontevedra.

Por outra banda, a **relevancia** exprésase como a presencia dos programas da Deputación de Pontevedra na edición dixital de tres dos xornais con máis difusión na provincia (Diario de Arousa, Faro de Vigo e La Voz de Galicia). Estableceuse sobre unha mostra temporal que abrangueu os meses de xaneiro, marzo, xuño e setembro dos anos 2017, 2018 e 2019, cunha extracción do número de artigos referidos a cada programa que aparecían nas novas contidas en cada unha das edicións. O nivel de relevancia calculouse en relación ao total de artigos atopados referidos á Deputación de Pontevedra.

Os resultados globais pódense consultar no anexo VI.

# 3

# FICHA POR ODS

1 FIN DA POBREZA

## POÑER FIN Á POBREZA EN TODAS AS SÚAS FORMAS EN TODO O MUNDO

### ESTAMOS APOIANDO Á PRESTACIÓN DE AXUDAS BÁSICAS DE EMERXENCIA EN TODOS OS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, E ATENDEMOS A 133 MENORES EN RISCO DE EXCLUSIÓN SOCIAL NO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE. ADEMAIS COLABORAMOS A TRAVÉS DA AXUDA HUMANITARIA EN PAÍSES EN SITUACIÓN DE CONFLITO OU POBREZA

Dentro das competencias propias dos concellos de menos de 20.000 habitantes, cuxo desenvolvemento a Deputación provincial persegue apoiar, inclúense a prestación dos servizos sociais básicos comunitarios, a avaliación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación de risco de exclusión, e o apoio na xestión das prestacións económicas de carácter social.

**Implantación**

90%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Estas competencias permiten abordar dúas das sete metas incluídas no ODS 1 da Axenda 2030 de Nacións Unidas, avanzando así no camiño de implementar, a nivel provincial, sistemas de protección social apropiados para todas e todos, e que permitan, de aquí ao ano 2030, lograr unha ampla cobertura das persoas pobres e vulnerables, fomentando a súa resiliencia e reducindo a súa exposición aos fenómenos extremos relacionados co clima, a economía e os ámbitos social e ambiental.

A Deputación Provincial de Pontevedra desenvolve estas competencias, fundamentalmente, a través da xestión do **Centro Príncipe Felipe**, que da resposta asistencial, por medio dunha residencia de 27 prazas e un centro de día que oferta 106, a aqueles menores cuxa atención excede as posibilidades dos servizos sociais municipais, e a aqueles que non teñen posibilidade de acceder á protección social de menores en risco de pobreza ou exclusión social xestionados pola administración autonómica. A Deputación colabora tamén na consecución deste obxectivo, a través da xestión do servizo de **Axudas Básicas de Emerxencia.**

Ademais das accións anteriormente citadas a nivel provincial, a Deputación de Pontevedra colabora a nivel mundial co obxectivo de rematar coa pobreza, a través de **axuda humanitaria** a países en situación de conflito ou pobreza.

O orzamento dedicado pola Deputación á xestión do **Centro Príncipe Felipe** e aos citados programas de axudas para o ano 2019, permite estender o seu impacto territorial á práctica totalidade da poboación residente nos concellos pontevedreses de menos de 20.000 habitantes.

Tendo en conta os recursos públicos destinados a alcanzar as metas deste ODS, e o alcance dos programas relacionados co mesmo, deberase perseguir o aumento da súa relevancia mediática, conseguindo así dar a coñecer o esforzo que a nivel provincial estase a realizar en relación á loita contra a pobreza.

## Metas

**01.03**

Poñer en práctica sistemas e medidas apropiadas de protección social para todos, e, para 2030, acadar unha ampla cobertura das persoas pobres e vulnerables.

**01.A**

Garantir unha mobilización significativa dos recursos procedentes de diversas fontes a fin de proporcionar medios suficientes e previsibles para levar a cabo programas e políticas encamiñadas a poñer fin á pobreza.

## Plans e proxectos bandeira

- **Programa centro de día Centro Príncipe Felipe**
- **Programa Réxime residencial Centro Príncipe Felipe**
- **Axudas básicas de emerxencia**

2 FAME CERO

## POÑER FIN Á FAME, LOGRAR A SEGURIDADE ALIMENTARIA E A MELLORA DA NUTRICIÓN E PROMOVER A AGRICULTURA SOSTIBLE

### DESENVOLVEMOS PROGRAMAS FORMATIVOS NO EIDO DA AGRICULTURA ECOLÓXICA E A PRODUCIÓN SOSTIBLE DOS PRODUTOS DO CAMPO, IMPULSANDO A PRODUTIVIDADE DE ALIMENTOS APOSTANDO POLA INVESTIGACIÓN NA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO E A FINCA MOURISCADE, E FOMENTANDO A REDUCIÓN DO DESPERDICIO ALIMENTARIO A TRAVÉS DA CONCIENCIACIÓN EN INSTITUCIÓNS EDUCATIVAS

Existe dificultade no marco competencial da Deputación de Pontevedra para actuar sobre este ODS, pero aínda así puxéronse en marcha actuacións que impactan na loita contra a fame, a optimización de recursos e o desperdicio alimentario:

#### Implantación

92%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

- **Centro infantoxuvenil Escola Fogar**: atende a **menores que se atopan en situación de risco** ou desamparo ou que pertencen a familias con dificultades sociais, e dispón dun amplo servizo de cociña-comedor, servizo médico, psicolóxica e outras atencións. Ademais, cada unidade de convivencia dispón de infraestrutura e de patio exterior, sala de xogos, sala de televisión, comedor, cociña, habitacións, aseos e almacén.

- **Centros Leira Mouriscade e Estación Fitopatolóxica Areeiro:** a Deputación xestiona estes centros que, aínda que están ligados ás súas competencias na promoción do desenvolvemento económico e social, inciden na mellora da **produción de alimentos.**

- **Plan Revitaliza:** no marco deste Plan realizouse unha **campaña de concienciación** ás persoas **usuarias dos comedores** de Ciencias Sociais e Forestais do campus universitario da Xunqueira, sobre as posibilidades de compostaxe do **desperdicio alimentario xerado.**

Diariamente, nos centros de compostaxe comunitaria do campus xestiónanse os desperdicios dunha **media de 300 menús na facultade de Ciencias Sociais** e duns **80 na facultade de Forestais**. O persoal técnico do **Plan Revitaliza** entregou máis de **300 litros en bolsas con mostras de compost** para demostrar a súa calidade. No marco destas accións abriuse un diálogo con profesores e persoal de investigación sobre as posibilidades de pór en marcha **proxectos de agricultura ecolóxica**, que por mor destas actuacións mostráronse interesados en dispoñer non só de mostras, senón de maiores cantidades de fertilizante para leiras e viñedos.

## Metas

### 02.02

Para 2030, poñer fin a todas as formas de malnutrición, incluso logrando as metas sobre o retraso do crecemento, a emaciación e as necesidades de nutrición de persoas vulnerables.

## Plans e proxectos bandeira

- **Programas asociados á Finca Mouriscade**
- **Programas asociados á Estación Fitopatolóxica de Areeiro**

3 SAÚDE E BENESTAR

## GARANTIR UNHA VIDA SA E PROMOVER O BENESTAR PARA TODOS EN TODAS AS IDADES

### AS NOSAS ACCIÓNS INFORMATIVAS SOBRE SAÚDE E BENESTAR E OS NOSOS PROGRAMAS DE DEPORTE DIRIXIDOS A PROMOVER Á VIDA SAUDABLE, CHEGAN A UN DE CADA DOUS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES, CO OBXECTIVO DE ALCANZAR AO 100% DA POBOACIÓN NO HORIZONTE 2020

O réxime competencial da Deputación Provincial inclúe as accións encamiñadas á creación, xestión e mantemento dos servizos sociais básicos comunitarios, competencias aliñadas co obxectivo de promover a saúde mental e o benestar que persegue a meta 3.4 do ODS3.

A Deputación Provincial de Pontevedra desenvolve esta competencia a través do **co-financiamento dos servizos sociais municipais**, a prestación do **servizo de teleasistencia domiciliaria,** e as **subvencións a entidades sen ánimo de lucro**, como apoio económico á súa intervención no eido da atención sociosanitaria e a mocidade.

De forma complementaria, apóiase esta meta co **Plan Estratéxico de Deporte** e cos **11 programas de promoción das actividades deportivas** xestionados dende os servizos de Deportes e Cooperación a través de liñas de subvención a entidades deportivas e programas como **DepoAndainas, DepoRutas BTT e DepoDesafío.**

18 PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación

70%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Así, no ano 2018, **119 entidades sen ánimo de lucro recibiron axudas,** e **600 persoas foron beneficiarias do servizo de teleasistencia domiciliaria** ofertado pola Deputación, que tamén apoiou, a través do seu **programa de co-financiamento**, a prestación dos servizos sociais comunitarios que son de competencia municipal en 52 concellos, a totalidade dos que contan cunha poboación menor a 20.000 habitantes na provincia.

A Deputación de Pontevedra, mantén en marcha tamén tres programas que promoven a saúde e benestar da poboación pontevedresa:

- **Tempodesaúde:** programa que conta coa colaboración do Colexio Oficial de Médicos, e levou no ano 2018 a 22 concellos da provincia, unha serie de actividades formativas de temáticas diversas, dirixidas á xuventude, á terceira idade e a entidades que traballan no ámbito socio-sanitario.
- **Depotermal:** programa que fomenta o envellecemento activo a través do uso e estancia en establecementos balnearios, e que beneficiará no ano 2019 a un total de 4.434 persoas maiores de 50 anos.
- **Depo en marcha:** iniciativa tamén orientado a saúde e o envellecemento activo que implicará a realización, ao longo do ano 2019, dun mínimo de 130 obradoiros nos que se espera que participen máis de 3.300 persoas.

## Metas

**03.04**

De aquí ao 2020, reducir nun terzo a mortalidade prematura por enfermidades non transmisibles mediante a súa prevención e tratamento, e promover a saúde mental e o benestar.

## Plans e proxectos bandeira

- **Servizo de teleasistencia domiciliaria**
- **Plan Estratéxico do Deporte (DEPOrte Escolas, DEPOcomparte e DEPOinforma)**
- **Co-financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos municipais**

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE

# GARANTIR UNHA EDUCACIÓN INCLUSIVA, EQUITATIVA E DE CALIDADE E PROMOVER OPORTUNIDADES DE APRENDIZAXE DURANTE TODA A VIDA PARA TODOS

## DENDE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA REFORZAMOS A EDUCACIÓN CO PROGRAMA DEPOEMPRENDE NA ESCOLA, ACTUANDO EN 25 CENTROS EDUCATIVOS E ALCANZANDO O 60% DOS CONCELLOS, PERSEGUINDO O OBXECTIVO DO 100% PARA O ANO 2022. ADEMAIS, DESENVOLVEMOS O PROGRAMA DEPORÚARTE, QUE PERSEGUE FORMAR EN VALORES Á MOCIDADE NOS CENTROS DE ENSINO DA PROVINCIA

A maioría das competencias en educación e ensino recaen sobre a administración da Comunidade Autónoma, polo que a Deputación de Pontevedra soamente pode impactar sobre o ODS 4 naquelas áreas que lle competen como autoridade provincial, apoiando e complementando ao goberno rexional na loita por unha educación inclusiva e de maior calidade.

As competencias provinciais alíñanse coas metas que perseguen tanto o acceso igualitario a unha formación técnica profesional e superior de calidade, incluído o ensino universitario, como o apoio a adquisición das competencias necesarias para acceder ao emprego e emprender.

No ámbito da primeira das metas citadas, a Deputación de Pontevedra sostén, xunto coa Xunta de Galicia, ENCE e Concello de Pontevedra, o centro asociado á UNED nesta cidade, entidade coa que nas anualidades 2018 e 2019 está a desenvolver un convenio de colaboración para o financiamento de cursos de verán e outro para o acondicionamento dos espazos da nova aula da UNED en Vigo.




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación



14%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Por outra banda, a través do programa **DepoEmprende na escola**, impulsarase ao longo do ano 2019, en 25 centros educativos de primaria, educación especial, ESO e FP, situados en 15 concellos da provincia de Pontevedra, o desenvolvemento de proxectos que estimulen a cultura emprendedora, proporcionando persoal cualificado e materiais orientados ao desenvolvemento destas actividades.

Ademais, é importante destacar o programa **DepoRúARTE**, que ten como obxectivo fomentar a inclusión social na mocidade a través da formación e a promoción da cultura artística urbana como ferramenta social nos centros de ensino da provincia de Pontevedra.

Neste ODS, o obxecto dos programas desenvolvidos correspóndense exactamente coas metas perseguidas, fundamentais á hora de mellorar as expectativas futuras en canto a calidade de vida da poboación, e apréciase un impacto destes programas nos medios de comunicación que podería ser incrementado para dar maior visibilidade aos esforzos feitos dende este nivel da administración local en materia educativa.

### Metas

**04.03**

De aquí ao 2030, asegurar o acceso igualitario de todos os homes e mulleres a unha formación técnica, profesional e superior de calidade, incluída a ensinanza universitaria.

**04.04**

De aquí ao 2030, aumentar considerablemente o número de mozos e adultos que teñen as competencias necesarias para acceder ao emprego, ao traballo decente e ao emprendemento.

### Plans e proxectos bandeira

- **DepoEmprende na escola, na ESO e na FP**
- **Convenio coa UNED. Financiamento de cursos de verán**
- **Acondicionamento de espazos de nova aula de verán da UNED**

5 IGUALDADE DE XÉNERO

## LOGRAR A IGUALDADE ENTRE OS XÉNEROS E EMPODERAR A TODAS AS MULLERES E AS NENAS

### COS PROGRAMAS DE IGUALDADE ACTUAMOS SOBRE O 100% DA POBOACIÓN FEMININA E MASCULINA DA PROVINCIA, DESTACANDO A CREACIÓN DA ESCOLA DE IGUALDADE MARÍA VINYALS E AS INICIATIVAS MULLERES EN ACCIÓN, PUNTOS VIOLETAS E EN NEGRO CONTRA AS VIOLENCIAS. ADEMAIS, VIMOS DE IMPLANTAR UN PLAN DE IGUALDADE QUE IMPLICA A 2.084 PERSOAS DA DEPUTACIÓN

As competencias da Deputación en materia de igualdade inclúen o desenvolvemento de accións contra a violencia de xénero e a promoción da igualdade entre homes e mulleres, que están aliñadas con dúas das metas do ODS 5: eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas nos ámbitos público e privado, e aprobar e fortalecer políticas axeitadas para promover a igualdade de xénero e o empoderamento de mulleres e nenas a todos os niveis.

21
PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

As medidas implantadas pola Deputación encamiñadas á loita contra a violencia de xénero, e que se complementan con **protocolos postos en marcha para a prevención do acoso laboral, sexual e/ou por razón de sexo**, son as que a continuación se enumeran:

- **Mulleres en Acción**
- **Puntos Violetas**
- **En Negro Contra as Violencias**

### Implantación



**75%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

A Deputación participa ademais das **mesas locais de coordinación interinstitucionais contra a violencia de xénero** de 7 concellos, mesas enfocadas a analizar a incidencia de este tipo de violencia, perseguir a súa detección precoz, definir mecanismos eficaces de actuación e sensibilizar á poboación.

No eido da promoción da igualdade e o empoderamento das mulleres, a Deputación desenvolve un total de **16 programas**, fundamentalmente dende o servizo de Igualdade, pero tamén dende Cultura e Lingua e Deporte. Este conxunto de accións representan o **12% dos programas vixentes**, e enfocan a igualdade de oportunidades dende puntos de vista tan diversos como a investigación, o traballo no sector pesqueiro, as artes plásticas, o deporte, as vítimas do franquismo, o sexismo no xogo e o xoguete, ou o cinema. Destacar entre todos os programas desenvolvidos pola Deputación neste eido a **Escola de Formación en Igualdade María Vinyals.**

Ademais, a Deputación de Pontevedra ven de aprobar, a principio do ano 2018, o seu **I Plan de Igualdade**, con foco nas dúas metas incluídas neste ODS. Elaborado en base a unha auditoría laboral de xénero, o Plan establece medidas orientadas a lograr un acceso e desenvolvemento igualitario da carreira profesional de mulleres e homes, a conciliación efectiva das vidas laboral, persoal e familiar, a formación en igualdade, e a presenza equilibrada de homes e mulleres nos órganos de decisión, eliminando calquera discriminación distributiva por razóns de xénero. Así mesmo, establece medidas contra o acoso sexual e o acoso por razón de sexo.

### Metas

**05.02**

Eliminar todas as formas de violencia contras todas as mulleres e nenas no ámbito público e privado, incluídas a trata e explotación sexual e outros tipos de explotación.

**05.C**

Aprobar e fortalecer políticas acertadas e leis aplicables para promover a igualdade de xénero e o empoderamento das mulleres e nenas a todos os niveis.

### Plans e proxectos bandeira

- **Mulleres en acción. Violencia cero**
- **Escola de Formación en Igualdade María Vinyals**
- **Plan de Igualdade**

6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO

## GARANTIR A DISPOÑIBILIDADE DE AUGA E A SÚA XESTIÓN SOSTIBLE E O SANEAMENTO PARA TODOS

### INVESTIMOS 3 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA SUBMINISTRACIÓN, SANEAMENTO E DEPURACIÓN DE 32 CONCELLOS CON POBOACIÓN MENOR A 50.000 HABITANTES

Os esforzos provinciais no eido do ODS 6 están relacionadas co apoio aos concellos de menor poboación na execución dos servizos de abastecemento, saneamento e tratamento de augas, aliñándose exactamente coas metas da Axenda 2030, que perseguen o acceso universal e equitativo á auga potable e a mellora da súa calidade, reducindo a metade as augas residuais sen tratar e aumentando a súa reciclaxe e reutilización sen riscos.

#### Implantación

**100%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

A Deputación de Pontevedra asegura a sustentabilidade financeira dos concellos de menos de 50.000 habitantes, a través do **Plan Concellos**. Implementado dende o seu servizo de Cooperación, este plan, que supón **máis do 50% do orzamento da Deputación**, garante que os concellos con menos recursos poidan prestar á súa veciñanza os servizos propios da súa competencia dunha maneira axeitada, con eficacia, eficiencia e coordinación.

Entre os **servizos municipais** que o Plan Concellos soporta, están aqueles que teñen que ver co ciclo da auga, isto é, co subministro, saneamento e depuración. Así, a Deputación de Pontevedra soportou, no ano 2018, intervencións nos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración, que supuxeron un investimento equivalente ao 2,2% do seu orzamento, e alcanzaron un total de **32 concellos con poboación menor a 50.000 habitantes.**

A mellora do ciclo da auga redunda, non só na mellora da calidade de vida dos asentamentos humanos e no acceso a este ben, se non tamén na calidade dos ecosistemas terrestres e mariños, e na redución da vulnerabilidade aos riscos que o cambio climático supón, impactando polo tanto tamén nos ODS 13, 14 e 15.

#### Metas

**06.01**

De aquí ao 2030, lograr o acceso universal e equitativo á auga potable a un prezo asequible para todos.

**06.03**

De aquí ao 2030, mellorar a calidade da auga reducindo a contaminación, eliminando os vertidos e minimizando a emisión de produtos químicos e materiais perigosos, reducindo á metade a porcentaxe de augas residuais sen tratar e aumentando a reciclaxe e a reutilización.

#### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**

7 ENERGÍA ASEQUIBLE Y NO CONTAMINANTE

## GARANTIR O ACCESO A UNHA ENERXÍA ALCANZABLE, SEGURA, SOSTIBLE E MODERNA PARA TODOS

# O 47% DOS CONCELLOS MENORES DE 20.000 HABITANTES RECIBIRON FINANCIAMENTO EN ACCIÓNS PARA A MELLORA DA SÚA EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS DOUS ÚLTIMOS ANOS, E TRABALLAMOS NO OBXECTIVO DE ALCANZAR O 100% DE APOIO NESTAS MEDIDAS

Dentro do marco da asistencia financeira aos concellos de menor tamaño, e en relación ao ODS 7, englóbanse as medidas enfocadas á mellora da protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica en zonas urbanas. As accións levadas a cabo neste eido están claramente orientadas á mellora da eficiencia enerxética, que constitúe a terceira meta das contempladas dentro deste ODS.

### Implantación

●●●●●●●●●● **100%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Dende o Servizo de Cooperación da Deputación, aplícanse tres programas implicados na consecución destas metas:

- **Plan Concellos,** que inclúe accións relacionadas coa mellora da eficiencia enerxética.
- **Proxectos singulares de renovación de caldeiras.**
- **Proxectos singulares de iluminación exterior sostible.**

Os programas orientados á consecución da meta de mellora de eficiencia enerxética implican un 1,2% da totalidade do orzamento provincial. Ao longo do 2018, foron **16 os concellos de núcleos poboacionais de menos de 20.000 habitantes beneficiarios do financiamento da Deputación**, a través do Plan Concellos, neste tipo de proxectos. No ano 2019 a Deputación ten previsto financiar melloras de eficiencia enerxética en iluminación e caldeiras a través de proxectos singulares nun total de **50 concellos: 43 accións de mellora de eficiencia en iluminación** e outras **7 cambios de caldeiras de gasóleo por caldeiras de biomasa.**

O conxunto dos programas da Deputación Provincial sinalados anteriormente teñen tamén unha incidencia directa na mitigación de emisións de gases de efecto invernadoiro e, polo tanto, na loita contra o cambio climático contemplada no ODS 13 da Axenda 2030.

### Metas

**07.03**

De aquí ao 2030, duplicar a taxa mundial de mellora da eficiencia enerxética.

### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**
- **Proxectos singulares de renovación de caldeiras**
- **Proxectos singulares de iluminación exterior sostible**

**8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO**

# PROMOVER O CRECEMENTO ECONÓMICO SOSTIDO, INCLUSIVO E SOSTIBLE, O EMPREGO PLENO E PRODUTIVO E O TRABALLO DECENTE PARA TODOS

## IMPULSAMOS O DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E SOCIAL DA PROVINCIA INVESTINDO 14 MILLÓNS DE EUROS, ENTRE AXUDAS A COLECTIVOS E PROGRAMAS PROPIOS, CO OBXECTIVO DE ALCANZAR UN EMPREGO DECENTE E UNHA MAIOR INSERCIÓN LABORAL

Das competencias atribuídas á Deputación Provincial, son tres as que teñen directa relación cos retos planeados no ODS 8. A primeira, a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social, ataca cinco metas que teñen que ver coa mellora da produtividade, a calidade do emprego, o emprendemento, a creatividade e a innovación, a produción e consumo eficientes, e a redución do desemprego xuvenil.

Esta competencia é o marco da formulación dun total de **24 programas,** impulsados dende **4 departamentos** (Medio Ambiente, Cooperación, Novas Tecnoloxías e Promoción do Emprego e Formación) e **3 centros** (Estación Fitopatolóxica Areeiro, Finca Mouriscade e Escola de Cantería).

Entre os programas que se veñen desenvolvendo dende a Deputación destacar aqueles orientados ao **asesoramento a pemes e emprendedores no eido das TIC**, e a **formación en novas tecnoloxías a colectivos vulnerables** no acceso ao emprego.

23
PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación




% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

A segunda e a terceira das competencias son a información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local e a promoción e xestión turística, o que se aliña coa novena meta do ODS 8: promoción do turismo sostible que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais. A Deputación impulsa este sector a través do **Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Pontevedra 2017-2020**, que inclúe a formulación de plans de actuación, a estruturación da oferta orientada á demanda, a excelencia do produto turístico, a promoción dos destinos e o apoio a comercialización.Das accións contempladas neste Plan Estratéxico, desenvolveranse no ano 2019, a **posta en marcha de destinos intelixentes** e a promoción dun distintivo de calidade para **20 oficinas de turismo.**

Pola súa banda, o Servizo de Cooperación impulsa o proxecto **Visit Río Minho**, que, no marco do programa POCTEP, procura a promoción do patrimonio cultural e natural transfronteirizo.

O importante esforzo da Deputación de Pontevedra no ODS 8, oriéntase moi especificamente ao desenvolvemento do sector do turismo, o que a convirte nun dos axentes máis importantes deste sector a nivel provincial.

### Metas

**08.02**
Lograr niveis mais elevados de producti-vidade económica mediante a diversi-ficación, a moderniza-ción tecnolóxica e a innovación, centrándo-se nos sectores con gran valor engadido e un emprego intensivo da man de obra.

**08.03**
Promover políticas orientadas ao desenvolvemento que apoien as actividades produtivas, a creación de postos de traballo decentes, o emprende-mento, a innovación, e fomentar o crecemento das microempresas e pemes.

**08.04**
Mellorar progresivamente, de aquí ao 2030, a produción e o consumo eficientes dos recursos mundiais, e procurar desvincular o crecemento económico da degradación do medio ambiente.

**08.05**
De aquí ao 2030, lograr o emprego pleno e produtivo e o traballo decente para todas as mulleres e homes, incluído os xóvenes e as persoas con discapacidade, así como a igualdade de remuneración por traballo de igual valor.

**08.06**
De aquí ao 2020, reducir considerablemente a proporción de mozos que non están empregados e non cursan estudos nin reciben capacitación.

**08.09**
De aquí ao 2030, elaborar e poñer en práctica políticas encamiñadas a promover un turismo sostible que cree postos de traballo e promova a cultura e os produtos locais.

### Plans e proxectos bandeira

- **DepoEmprende na escola, na ESO e na FP**
- **Plan Estratéxico de Turismo da Provincia de Pontevedra 2017-2020**
- **SmartPeme**

9 INDUSTRIA, INNOVACIÓN E INFRAESTRUTURA

# CONSTRUÍR INFRAESTRUTURAS RESILIENTES, PROMOVER A INDUSTRIALIZACIÓN INCLUSIVA E SOSTIBLE E FOMENTAR A INNOVACIÓN

## CONSEGUIMOS UNHA MELLORA NA ACCESIBILIDADE CAPILAR AOS NÚCLEOS RURAIS DE 9 CONCELLOS, APOIAMOS O IMPULSO Á DIXITALIZACIÓN DO TERRITORIO A TRAVÉS DOS PROXECTOS EUROPEOS COMO O IN 4.0, E POÑEMOS A DISPOSICIÓN DO 100% DA POBOACIÓN O ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES NO EIDO DAS TIC

Lograr un acceso doado e equitativo ás infraestrutura físicas que vertebran o territorio é un dos dous eixos no que unha deputación pode actuar no camiño por alcanzar o ODS 9, incluíndo a xestión da infraestrutura viaria da súa titularidade, e o apoio aos concellos no mantemento e pavimentación das infraestruturas viarias de titularidade municipal, paralelamente ás competencias relacionadas coa xestión do ciclo da auga.

Así, dende o Servizo de Cooperación xestiónase:

- O **Plan Concellos de obras e servizos,** que incluíu accións nun total de 54 concellos durante o ano 2018.
- O **Plan DepoRemse,** que asistiu a 31 concellos nas súas iniciativas de mellora da mobilidade peonil e a seguridade viaria.
- **6 convenios de colaboración en materia de infraestrutura e pavimentación viaria,** asinados cos concellos de Vigo e Pontevedra e relacionados coa cesión e mellora de estradas de titularidade provincial e mellora de estradas parroquiais.

9
PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación

54%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Outros instrumentos postos en marcha para o financiamento de obras viarias foron o **Plan de Requilibrio** e **Préstamos sen xuros.**

Por outra banda, dende o Servizo de Mobilidade impulsaranse no ano 2019 os seguintes programas:

- **Eurovelo,** que estuda a viabilidade dunha vía ciclable pola costa da provincia de Pontevedra.
- **Estratexia de Mobilidade 3.0 e Plan Móvese,** programas orientados á mellora da seguridade da mobilidade peonil nas estradas provinciais e locais.

Complementa aos anteriores programas a **Guía Básica de Espazos Públicos e Mobilidade Amable,** formulada no 2018.

Outra meta do ODS 9 é a referida á modernización da industria co fin de garantir procesos máis sostibles, limpos, eficientes e racionais. Neste eido, a Deputación de Pontevedra lidera o **proxecto IN 4.0,** co-financiado polo FSE, que procura a adaptación do sector da industria naval ao modelo produtivo 4.0, garantindo así o futuro do sector. Neste proxecto participan outros 10 socios de 5 países do Arco Atlántico.

A Deputación desenvolve ademais, buscando **fomentar a innovación** do seu tecido empresarial, programas enfocados ao **asesoramento de pemes e emprendedores no eido das TIC.**

### Metas

**09.01**

Desenvolver infraestruturas fiables, sostibles, resilientes e de calidade para apoiar o desenvolvemento económico e o benestar humano, facendo fincapé no acceso asequible e equitativo para todos.

**09.04**

De aquí ao 2030, modernizar a infraestrutura e reconverter as industrias para que sexan sostibles, empregando os recursos con maior eficacia e adoptando tecnoloxías e procesos industriais limpos.

### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**
- **Plan DepoRemse**
- **Convenios de colaboración en materia de infraestrutura e pavimentación viaria**

10 REDUCIÓN DAS DESIGUALDADES

# REDUCIR A DESIGUALDADE EN E ENTRE OS PAÍSES

## ALCANZAMOS A 24.000 BENEFICIARIOS A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE FOMENTO DA IGUALDADE DE OPORTUNIDADES, E REALIZAMOS CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN SOBRE A DESIGUALDADE SOCIAL, ECONÓMICA E DE DEREITOS HUMANOS NO MUNDO.

No ámbito do ODS 10, a Deputación de Pontevedra ten en marcha un total de 11 programas orientados á promoción da igualdade de oportunidades e prevención da violencia contra a muller, intimamente relacionada co ODS 5, e directamente aliñada coa meta 10.3 da Axenda 2030: garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade, mesmo eliminando as leis, política e prácticas discriminatorias, e promovendo lexislacións, políticas e medidas axeitadas.

11 PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

Estes 11 programas impleméntanse dende 3 servizos (Cohesión Social, Igualdade e Cooperación) e dende o Centro Príncipe Felipe, tamén relacionado co desempeño da Deputación no ámbito do ODS 1. Dende o Servizo de Cooperación asinároنse no ano 2018 dous convenios de colaboración cos centros sociais de Os Campos e O Burgo, ámbolos dous da cidade de Pontevedra.

### Implantación

69%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

O Servizo de Igualdade, pola súa parte, implementou no ano 2018:

- **Dúas liñas de subvencións**, unha a concellos e outra a entidades sociais, para o desenvolvemento de programas cuxo fin sexa a **loita pola igualdade e contra a violencia de xénero.**
- Proxecto **Sorrisos Transformadores**, que procura sensibilizar á sociedade, a través dunha exposición e un documental, da realidade e as dificultades cotiás ás que se ten que enfrontar o colectivo transexual.

O Servizo de Cohesión Social leva adiante 5 programas para fomentar as relacións interxeracionais, a integración multicultural, a formación en valores, a igualdade de oportunidades das persoas con diversidade funcional, e a integración social das persoas migrantes:

- **Tecendo Lazos**
- **Depo Aventura**
- **DepoRúARTE**
- **En ruta coa Depo**
- **Cursos de español para persoas inmigrantes**

A Deputación realiza ademais, como ferramenta para contribuír a redución das desigualdades entre países, **campañas de concienciación** sobre a desigualdade social, económica e de dereitos humanos no mundo.

O conxunto dos programas enfocados ás metas deste ODS 10 ten un alcance moi importante entre a poboación pontevedresa. Mostra disto é que, ao longo do ano 2018, teñan participado destas iniciativas preto de 24.000 persoas.

### Metas

**10.03**

Garantir a igualdade de oportunidades e reducir a desigualdade de resultados, incluso eliminando as leis, políticas e prácticas discriminatorias e promovendo lexislacións, políticas e medidas adecuadas a ese respecto.

### Plans e proxectos bandeira

- **Sorrisos Transformadores**
- **DepoRúARTE**
- **Cursos de español para persoas inmigrantes**

11 CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

## LOGRAR QUE AS CIDADES E OS ASENTAMENTOS HUMANOS SEXAN INCLUSIVOS, SEGUROS, RESILIENTES E SOSTIBLES

### DESENVOLVEMOS 38 PROGRAMAS E DEDICAMOS O 20% DO NOSO ORZAMENTO A ASEGURAR O ACCESO DE TODOS OS CIDADÁNS A UNS SERVIZOS BÁSICOS E SOSTIBLES

Este obxectivo da Axenda 2030 é, xunto ao ODS 9, ao que a Deputación dedica máis esforzos, tanto en implicacións orzamentarias coma en número de programas xestionados. Os traballos relacionados con este ODS nacen do **apoio aos concellos no exercicio das súas responsabilidades** básicas en materias como a mobilidade, conservación e rehabilitación da edificación, xestión de instalacións deportivas, protección e xestión do patrimonio histórico, promoción da cultura, xestión dos equipamentos culturais, e parques e xardíns públicos.

38 PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

A meta en relación ao acceso a sistemas de transporte seguros, atinxibles, accesibles e sostibles é abordada dende o Servizo de Mobilidade, a través de programas como **Camiña á Escola** e a **subvención a concellos para a redacción de PMUS.**

## Implantación



**34%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Dende o Servizo de Cooperación leváronse a cabo, durante o ano 2018, traballos enfocados á asistencia ás administracións locais na tarefa de proporcionar servizos públicos de calidade á veciñanza, alcanzando a 57 concellos e empregando as seguintes ferramentas:

- **6 convenios de colaboración** para a dotación e mellora de diversos equipamentos públicos locais.
- **Plan Concellos**
- **Plan de reequilibrio**
- **Préstamos sen xuros**

Ademais, dende o Servizo de Deportes, foi posto en marcha o **programa de mantemento dos campos de fútbol.**

Todas estas accións encamíñanse á consecución das metas 1, 3 e 7 do ODS 11, que se relacionan co acceso de todas as persoas a vivendas, servizos básicos, zonas verdes e espazos públicos, e urbanización inclusiva e sostible.

Outro eixo de actuación é o dirixido a protexer o patrimonio cultural e natural, que se instrumenta dende os servizos de Cultura e Lingua, Medio Ambiente, e Cooperación a través de programas como **Visit Río Minho.**

En total, as actividades aliñadas co ODS 11 suman o **20% do orzamento da Deputación** e inclúen **38 programas.**

## Metas

**11.01**
De aquí ao 2030, asegurar o acceso de todas as persoas a vivendas e servizos básicos adecuados, seguros e alcanzables e mellorar os barrios marxinais.

**11.02**
De aquí ao 2030, proporcionar acceso a sistemas de trasporte seguros, accesibles e sostibles para todos e mellorar a seguridade vial, en particular mediante a ampliación do trasporte público.

**11.03**
De aquí ao 2030, aumentar a urbanización inclusiva e sostible e a capacidade para a planificación e a xestión participativas, integradas e sostibles dos asentamentos humanos.

**11.04**
Redobrar os esforzos para protexer e salvagardar o patrimonio cultural e natural do mundo.

**11.06**
De aquí ao 2030, reducir o impacto ambiental negativo per cápita das cidades, prestando especial atención á calidade do aire e a xestión dos residuos municipais e de outro tipo.

## Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**
- **Plan de reequilibrio**
- **Préstamos sen xuros**

12 PRODUCIÓN E CONSUMO RESPONSABLES

## GARANTIR MODALIDADES DE CONSUMO E PRODUCIÓN SOSTIBLES

# 2 DE CADA 3 CONCELLOS DA PROVINCIA ESTÁN ADHERIDOS AO PLAN REVITALIZA, QUE PROMOVE A COMPOSTAXE DOS RESIDUOS DE ORIXE DOMÉSTICO

As competencias que desenvolve a Deputación de Pontevedra para a consecución das metas que compoñen o ODS 12 están centradas na recollida e o tratamento de residuos. Neste eido, a institución provincial pode abordar unicamente a meta de reducir considerablemente a xeración de lixo por medio das actividades de prevención, redución reciclaxe e re-utilización.

O servizo de Asistencia Intermunicipal desenvolve, neste eido, múltiples programas, entre os que destacan:

- **Servizo de recollida de vehículos fora de uso**
- **Recollida de aceites domésticos**
- **Subvencións á recollida e tratamento de residuos domiciliarios**

O **Plan Revitaliza**, que ten coma obxectivo o impulso da compostaxe dos residuos orgánicos de orixe doméstico, e se estende actualmente a 50 concellos da provincia, o que equivale a unha implantación case total nos concellos de menos de 20.000 habitantes, é a acción coa que a Deputación de Pontevedra aposta máis decididamente pola abordaxe desta meta. O seu desenvolvemento é a base de iniciativas como:

- **Subvencións para a posta en marcha da compostaxe**
- **Formación de mestres composteiros**
- **Entrega de composteiros individuais**
- **Habilitación de centros composteiros comunitarios**

Estas inicitivas xa están plenamente consolidadas, acadando unha relevancia moi importante nos medios de comunicación e unha grande popularidade.

Na mesma liña, o programa ESTRAEE (Estratexia sostible transfronteiriza para a xestión dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos), financiado no marco do programa - INTERREG V A POCTEP, incide na consecución da mesma meta.

17 PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

## Implantación

48%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

## Metas

**12.05**

De aquí ao 2030, reducir considerablemente a xeración de residuos mediante actividades de prevención, redución, reciclaxe e reutilización.

## Plans e proxectos bandeira

- **Plan Revitaliza**
- **Centros composteiros comunitarios**
- **Subvencións Mestres composteiros municipais**

13 ACCIÓN POLO CLIMA

## ADOPTAR MEDIDAS URXENTES PARA COMBATER O CAMBIO CLIMÁTICO E OS SEUS EFECTOS

# INCREMENTAMOS O NOSO ESFORZO NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS LIMPANDO OS MONTES DA PROVINCIA ATA ALCANZAR AO 55% DA SUPERFICIE FORESTAL, AO TEMPO QUE APOIAMOS MEDIDAS DE MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA MUNICIPAL




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

As potestades da Deputación Provincial relacionadas coa resposta mundial contra o cambio climático están relacionadas, no ámbito da mitigación de emisións, coa competencia na protección contra a contaminación atmosférica, que ampara a abordaxe da meta de mellora da eficiencia enerxética comprendida no ODS 7.

Así, os plan e proxectos que a continuación se enumeran, son, intrinsecamente, accións de redución de emisións de gases de efecto invernadoiro e, polo tanto, teñen como meta mellorar a capacidade humana e institucional respecto da mitigación do cambio climático:

- **Plan Concellos,** con accións postas en marcha relacionadas coa mellora da eficiencia enerxética.
- **Proxectos singulares de renovación de caldeira.**
- **Proxectos singulares de iluminación exterior sostible.**

## Implantación



**78%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Por outra banda, dende o exercicio das competencias no eido dos servizos de protección civil e prevención e extinción de incendios, a Deputación de Pontevedra pode abordar as metas de fortalecer a resiliencia e capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais, permitindo aumentar a capacidade humana e institucional respecto á adaptación ao cambio climático, e favorecendo a redución dos seus efectos e a alarma temperá.

Neste ámbito, o **Plan Concellos** para os anos 2018 e 2019, prevé unha liña específica de investimentos e modificación de infraestruturas para facer fronte ao cambio climático e protexelas contra o lume.

Na mesma liña, dende o Servizo de Asistencia Intermunicipal mantéñense, no marco dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e as deputacións provinciais, **7 Grupos de Emerxencia Supramunicipal** como instrumento básico de resposta a emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais. Estes Grupos de Emerxencia alcanzan a **37 concellos** da provincia.

As políticas de mitigación do cambio climático impulsadas pola Deputación teñen unha ampla implantación no territorio, xa que abranguen a totalidade dos concellos da provincia con poboación inferior a 50.000 habitantes.

## Metas

### 13.01

Fortalecer a resiliencia e a capacidade de adaptación aos riscos relacionados co clima e os desastres naturais.

## Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**
- **Grupos de emerxencia supramunicipal**
- **Proxectos singulares de iluminación exterior sostible e caldeiras**

14 VIDA SUBMARINA

## CONSERVAR E UTILIZAR EN FORMA SOSTIBLE OS OCÉANOS, OS MARES E OS RECURSOS MARIÑOS PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

### 1 DE CADA 3 CONCELLOS COSTEIROS XA MELLOROU O SEU SANEAMENTO MEDIANTE NOVAS OBRAS, E PERSEGUIMOS O OBXECTIVO DE CHEGAR A TODO O LITORAL NO HORIZONTE 2020. ADEMAIS, REALIZAMOS CAMPAÑAS ANUAIS DE CONCIENCIACIÓN SOBRE OS EFECTOS DA CONTAMINACIÓN MARIÑA

O impacto da Deputación Provincial de Pontevedra no ODS 14, ao igual que no ámbito do ODS 6, prodúcese a través das competencias relacionadas co apoio aos concellos de menor poboación na execución dos servizos de abastecemento, saneamento e tratamento de augas. Concretamente, nos **concellos litorais.**

#### Implantación

●●●●●●●●●● **100%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Dende estas competencias pódese traballar pola **redución significativa da contaminación mariña** de todo tipo, e en particular, pola producida por actividades realizadas en terra, incluídos os detritos mariños e a polución por nutrientes.

Neste eido, entre os servizos municipais que o Plan Concellos soporta, está o que ten que ver coa xestión do ciclo da auga. A través da Deputación Provincial, durante o ano 2018, financiáronse **obras nos sistemas de abastecemento, saneamento e depuración que alcanzaron un total de 13 concellos costeiros** (Baiona, Bueu, Cambados, Cangas, Marín, Nigrán, Oia, Redondela, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Vilaboa e Vilagarcía de Arousa), o que supón ter actuado na consecución desta meta, sobre dous de cada tres concellos costeiros de menos de 50.000 habitantes, investindo neste cometido o 1,1% do orzamento.

A mellora do ciclo da auga redunda, evidentemente, na mellora da calidade de vida dos asentamentos e do acceso a este ben, pero tamén na calidade dos ecosistemas terrestres e mariños, ao tempo que reduce a vulnerabilidade aos riscos que o cambio climático supón, o que ten unha incidencia moi importante nos ODS 13 e 15.

Como complemento a todas as actuacións anteriormente citadas, anualmente a Deputación pon en marcha **campañas de concienciación**, dirixidas a toda a poboación, en relación aos graves efectos da contaminación mariña.

#### Metas

**14.01**

De aquí ao 2025, previr e reducir significativamente a contaminación mariña de todo tipo, en particular a producida por actividades realizadas na terra, incluídos os detritos mariños e a polución por nutrientes.

#### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**

15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES

# XESTIONAR SOSTIBLEMENTE OS BOSQUES, LOITAR CONTRA A DESERTIFICACIÓN, DETER E INVERTER A DEGRADACIÓN DAS TERRAS E DETER A PERDA DE BIODIVERSIDADE

## O 30% DA SUPERFICIE FORESTAL DOS CONCELLOS DE MENOS DE 20.000 HABITANTES CONTA CON SUBVENCIÓNS PARA O SEU MANTEMENTO, ALCANZANDO UN TOTAL DE 76.665,4 HECTÁREAS, E TRABALLAMOS NA DEFENSA DA BIODIVERSIDADE A TRAVÉS DA ESTACIÓN FITOPATOLÓXICA AREEIRO

No exercicio da súa competencia relativa á protección do medio natural, dende o departamento de Medio Ambiente, a Deputación de Pontevedra desenvolve accións na liña de asegurar a meta de conservar, restablecer, e facer un uso sostible dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os seus servizos, en particular os bosques, as zonas húmidas, as montañas e as zonas áridas:

- **Subvención para a mellora dos montes e os parques forestais.**
- **Estudo e divulgación para a mellora da xestión forestal,** conveniado coas comunidades de montes.

Pola súa banda, o servizo de Medio Ambiente levou a cabo as seguintes accións durante o ano 2018:

- **Convenio para a loita e control de especies invasoras como a vespa velutina** ou a **Acacia dealbata.**
- **SICOM,** proxecto con financiamento europeo destinado a reducir o emprego de fitosanitarios no cultivo da vide.
- **Promoción das variedades de cultivo autóctonas.**
- **Programas da Estación Fitopatolóxica Areeiro** destinados á protección de especies de orixe vexetal.

Todos estes programas poñen en marcha medidas urxentes e significativas para reducir a degradación dos hábitats naturais, deter a perda de biodiversidade, e protexer as especies ameazadas para evitar a súa extinción.

10
PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación

70%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

### Metas

**15.01**

De aquí ao 2020, asegurar a conservación, o restablecemento e o emprego sostible dos ecosistemas terrestres e os ecosistemas interiores de auga doce e os seus servizos en consonancia coas obrigacións contraídas en virtude de acordos internacionais.

### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Concellos**
- **Subvencións para a mellora dos montes**
- **Programas da Estación Fitopatolóxica Areeiro**

16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS

## PROMOVER SOCIEDADES XUSTAS, PACÍFICAS E INCLUSIVAS

### DOTÁMONOS RECENTEMENTE DUNHA ORDENANZA PROVINCIAL DE TRANSPARENCIA, QUE REGULA O DEREITO AO ACCESO Á INFORMACIÓN, A PUBLICIDADE INSTITUCIONAL E O EXERCICIO DA INFORMACIÓN PÚBLICA, CO FIN DE GARANTIR ESTE DEREITO A TODOS OS PONTEVEDRESES E PONTEVEDRESAS. REALIZAMOS ADEMAIS, XORNADAS ANUAIS DE INCLUSIÓN SOCIAL PARA FOMENTAR O INTERCAMBIO DE IDEAS E A TOMA DE CONCIENCIA

As accións da Deputación Provincial de Pontevedra encamiñadas á consecución deste ODS enmárcanse na meta da creación, a todos os niveis, de institucións eficaces e transparentes que rendan contas.

Neste eido, as accións emprendidas por esta administración parten, en primeiro lugar, do exercicio da súa competencia na implantación da administración electrónica e a contratación centralizada, exercida dende o Servizo de Novas Tecnoloxías, a través de:

- **O servizo de administración electrónica para concellos**
- **O servizo do Padrón Municipal de Habitantes**
- **O servizo de asistencia en materia de protección de datos**

Ademais, a Deputación, presta aos concellos apoio na xestión da recadación tributaria e o apoio na xestión financeira dende o seu Servizo de Tesourería, a través do **programa ORAL,** que xestiona:

- A xestión, recadación e inspección dos impostos, taxas e prezos públicos de carácter municipal.
- As multas por sancións de tráfico.
- O asesoramento económico e contable en materia tributaria.

8 PROGRAMAS




Peso relativo dos servizos da Deputación de Pontevedra implicados con este ODS

### Implantación

●●●●●●●●●● 100%

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Dende o seu Servizo de Recursos Humanos e Formación, presta cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente aos de menor capacidade, a través do **Plan Agrupado de Formación Continua.**

Este Plan agrupa **19 accións de formación**, que ao longo do ano 2018 chegaron a **un milleiro de traballadores e traballadoras** pertencentes a **57 concellos**, a Mancomunidade do Salnés, a Mancomunidade de Valmiñor e a Organismo Autónomo Terra de Sanxenxo. Cada curso alíñase cun ou varios ODS da Axenda 2030 de Nacións Unidas, abranguendo un total de 8, en concreto, os ODS 3, 4, 5, 7, 8, 10, 15 e 16.

Ademais, nos últimos anos, a Deputación ven celebrando **xornadas anuais de inclusión social** que perseguen fomentar o intercambio de ideas e a **toma de conciencia da poboación.**

En total, o conxunto das accións que a Deputación Provincial de Pontevedra desenvolve a prol desta meta supón un 19,91% do orzamento da Deputación de Pontevedra.

### Metas

**16.06**

Crear a todos os niveis institucións eficaces e transparentes que rendan contas.

### Plans e proxectos bandeira

- **Xestión tributaria. ORAL**
- **Servizo de administración electrónica para concellos**
- **Plan agrupado de formación continua**

17 ALIANZAS PARA LOGRAR OS OBXECTIVOS

## REVITALIZAR A ALIANZA MUNDIAL PARA O DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

### MANTEMOS ALIANZAS DE COLABORACIÓN CON 234 ENTIDADES PÚBLICAS E PRIVADAS, TENDO PECHADO ACORDOS COA XUNTA DE GALICIA E O GOBERNO CENTRAL, 71 CONCELLOS E ENTIDADES LOCAIS, E MÁIS DE 160 CONCELLOS E DEPUTACIÓNS NACIONAIS

A xeración e impulso de alianzas é unha actividade crave para a consecución dos obxectivos da Deputación. Neste sentido veñen poñendo en marcha máis de **53 accións,** entre as que destacan o **Plan Estratéxico de Turismo**, que mobilizou a 132 axentes do sector, e a creación dunha **Mesa do Camiño de Santiago,** que involucra á administración local, autonómica e provincial para a conservación e posta en valor dun itinerario cultural europeo como é o Camiño de Santiago, e inclúe a todos os concellos do Camiño na provincia.

#### Implantación

●●●●●●●●●● **100%**

% de poboación atendida sobre poboación obxectivo

Destaca tamén a súa actividade en **proxectos europeos**, con **39,17 millóns de euros** lanzados ao mercado e **32 proxectos xerados.**

A Deputación forma parte ademais das seguintes redes de colaboración:

- **Red de Destinos Turísticos Inteligentes**, xunto a máis de **60 destinos turísticos** de toda España que teñen plans de intelixencia artificial ou innovación para a promoción do destino, e que comparten o reto común da sustentabilidade.
- **Fondo Galego de Cooperación**, rede solidaria de administracións locais comprometidas coa cooperación ao desenvolvemento da que a Deputación forma parte desde 2017.
- **Vilas termais da FEMP**, onde se relaciona con administracións locais que teñen recursos termais e que comparten o compromiso de promover unha xestión sostible dun recurso natural singular.
- **Mesa do turismo**, á que pertencen á súa vez asociacións, concellos e agrupacións locais para a gobernanza compartida da promoción turística provincial para o período 2020.
- **Red española de ciudades de los niños y las niñas (TONUCHI),** que promove espazos amables para vivir e a inclusión da infancia na toma de decisións sobre os modelos territoriais e de infraestruturas de pobos e cidades.
- Entidade colaboradora na **Rede Retos**, rede de ámbito nacional liderada polo Ministerio de Trabajo, Migraciones y Seguridad Social para articular, integrar e implementar distintas estratexias para o desenvolvemento de territorios socialmente responsables (TSR), que melloren a calidade de vida da súa poboación. A Rede Retos conta na actualizade con **29 axentes territoriais e 4 entidades colaboradoras.**

#### Metas

**17.17**

Fomentar e promover a constitución de alianzas eficaces nas esferas pública, público-privada e da sociedade civil, aproveitando a experiencia e as estratexias de obtención de recursos das alianzas

#### Plans e proxectos bandeira

- **Plan Estratéxico de Turismo**
- **Estratexia sostible transfronteriza para a xestión dos residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (ESTRAEE)**
- **Proxecto IN 4.0**

# ANEXOS

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# ANEXO I
## CARACTERIZACIÓN

| | CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | TOTAL PROVINCIA DE PONTEVEDRA |
|---|---|---|
| **SUPERFICIE** 2011 | 3.362 **Hectáreas** | 4.495 **Hectáreas** |
| **POBOACIÓN** 2017 | 385.408 **Habitantes** | 942.731 **Habitantes** |
| **DENSIDADE DE POBOACIÓN** 2016 | 115 **Pob / Ha** | 210 **Pob / Ha** |
| **SALDO MIGRATORIO** 2017 | 782 **Habitantes** | -404 **Habitantes** |
| **PIB** 2012 | 6.037.916 **EUROS** | 17.440.093 **EUROS** |

Fontes: INE, IGE

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# RENDA DISPOÑIBLE
## POR HABITANTE

Renda dispoñible por habitante:

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **11.953** Euros |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **13.255** Euros |
| ▶ GALICIA | **13.838** Euros |
| ▶ ESPAÑA | **14.116** Euros |




Renda dispoñible per cápita con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

3 SAÚDE E BENESTAR

# MÉDICOS XERAIS
## POR MIL HABITANTES

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **0,87** médicos / 1.000 habitantes |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **0,93** médicos / 1.000 habitantes |
| ▶ GALICIA | **0,96** médicos / 1.000 habitantes |
| ▶ ESPAÑA | **1,9** médicos / 1.000 habitantes |




% médicos xerais por mil habitantes con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

4 EDUCACIÓN DE CALIDADE · 5 IGUALDADE DE XÉNERO · 8 TRABALLO DECENTE E CRECEMENTO ECONÓMICO

# TAXA DE OCUPACIÓN
## POR XÉNERO

| | Homes | Mulleres |
|---|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **58,53%** | **47,97%** |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **59,24%** | **51,10%** |
| ▶ GALICIA | **49,20%** | **41,10%** |
| ▶ ESPAÑA | **54,60%** | **43,11%** |




Taxa de ocupación por xénero

6 AUGA LIMPA E SANEAMENTO

14 VIDA SUBMARINA

# % CAPACIDADE DE DEPURACIÓN
## POR HABITANTE

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **73,85** m³/ano |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **64,65** m³/ano |
| ▶ GALICIA | - |
| ▶ ESPAÑA | - |




% capacidade de depuración por habitante con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# Nº DE ACCIÓNS DOS PLANS DE MITIGACIÓN CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **2,17** Accións |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **2,66** Accións |
| ▶ GALICIA | **1,9** Accións |
| ▶ ESPAÑA | - |

Mídense o número medio de accións de mitigación de gases de efecto invernadoiro adoptadas polos concellos entre os anos 2016 e 2018




Nº de accións dos Plans de Mitigación contra o cambio climático con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

11 CIDADES E COMUNIDADES SUSTENTABLES

# ZONAS VERDES
## POR HABITANTE

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **67,27** m²/habitante |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **32,41** m²/habitante |
| ▶ GALICIA | - |
| ▶ ESPAÑA | - |




Zonas verdes por habitante con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

15 VIDA DE ECOSISTEMAS TERRESTRES

# REDE DE ESPAZOS PROTEXIDOS
## POR HABITANTE

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **5,3** Ha / habitante |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | **2,8** Ha / habitante |
| ▶ GALICIA | **13,25** Ha / habitante |
| ▶ ESPAÑA | **9,93** Ha / habitante |




Hectáreas da Rede Galega de Espazos Protexidos por habitante con respecto á media provincial

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

16 PAZ, XUSTIZA E INSTITUCIÓNS SÓLIDAS

# DÉBEDA PÚBLICA
## POR HABITANTE

| | |
|---|---|
| ▶ CONCELLOS < 20.000 HABITANTES | **47,56** Euros |
| ▶ PROVINCIA DE PONTEVEDRA | - |
| ▶ GALICIA | **4.338,4** Euros |
| ▶ ESPAÑA | **24.837,6** Euros |




Débeda pública por habitante

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# ANEXO II
## CODIFICACIÓN DAS COMPETENCIAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

**01** Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación e risco de exclusión social.

**02** Participación na xestión das prestacións económicas e, no seu caso, nas subvencións concedidas pola Xunta de Galicia.

**03** Creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios especificados na Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia.

**04** Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupacións do tempo libre.

**05** Cooperación ca Administración educativa a través dos centros asociados da Universidade Nacional de Educación a Distancia (UNED).

**06** Realización de actividades complementarias nos centros docentes.

**07** Actuacións contra a violencia de xénero.

**08** Actuacións na promoción de igualdade entre homes e mulleres.

**09** Promoción da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia contra a muller.

**10** Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

**11** Rede de sumidoiros.

**12** Protección civil.

**13** Protección do medio natural.

**14** Prevención e extinción de incendios.

**15** Protección contra a contaminación acústica, luminosa e atmosférica en zonas urbanas.

**16** Cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social.

**17** Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local.

**18** Promoción e xestión turística.

**19** Pavimentación de vías urbanas.

**20** Infraestrutura viaria.

**21** Promoción en termo municipal da participación dos cidadáns no emprego eficiente e sostible das tecnoloxías da información e da comunicación.

**22** Materias que conforman as competencias propias dos municipios: promoción e xestión de vivendas de promoción pública e outros equipamentos da súa titularidade, tráfico, estacionamento de vehículos e mobilidade e Policía local.

**23** Materias que conforman as competencias propias dos municipios: cemiterios, actividades funerarias e iluminación pública.

**24** Biblioteca.

**25** Mobilidade.

**26** Conservación e rehabilitación de edificación.

**27** Xestión de instalacións deportivas.

**28** Protección e xestión do patrimonio histórico.

**29** Promoción da cultura e equipamentos culturais.

**30** Xestión de instalacións culturais.

**31** Parques e xardíns públicos.

**32** Recollida de residuos.

**33** Tratamento de residuos.

**34** Administración electrónica e contratación centralizada.

**35** Xestión da recadación tributaria e apoio na xestión financeira.

**36** Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos municipios, especialmente os de menos capacidade económica e de xestión.

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

# ANEXO III
## CODIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

### AI - ASISTENCIA INTERMUNICIPAL

**AI01** Grupos de emerxencia supramunicipal

**AI02** Servizo de recollida de vehículos fora de uso

**AI03** Recollida de aceites domésticos

**AI04** Subvencións á recollida e tratamento de residuos domiciliarios

**AI05** Plan Revitaliza

**AI06** Subvencións aos mestres composteiros municipais

**AI07** Subvencións para a posta en marcha das políticas de compostaxe

**AI08** Composta en Rede

**AI09** Plan de residuos municipais

**AI10** Centros composteiros comunitarios

**AI11** SAIM 2017

**AI12** CCAsistenciaIntermunicipal ADT (convenio de colaboración de concellos e a asociación Amigos da Terra)

**AI13** CCAsistenciaIntermunicipal ADEGA (convenios de colaboración do servizo de Asistencia Intermunicipal co concello das Neves e a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza)

**AI14** CCAsistenciaIntermunicipal CEIDA (convenio de colaboración do servizo de Asistencia Intermunicipal co Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia)

**AI15** CCAsistenciaIntermunicipal VP (convenios de colaboración do servizo de Asistencia Intermunicipal co Concello de Pontevedra e a Universidade de Vigo)

**AI16** Subvencións para proxectos de seguimento da compostaxe individual

### CF - CENTRO PRÍNCIPE FELIPE

**CF01** Uso de espazos de Centro Príncipe Felipe

**CF02** Programa Centro de día

**CF03** Programa Réxime residencial

### CP - COOPERACIÓN

**CP01** Plan Concellos

**CP02** Plan de Reequilibrio

**CP03** CCCooperación 1 (convenios de colaboración do servizo de cooperación con centros sociais: centro social O Burgo, centro social Os Campos)

**CP04** CCCooperación 2 (convenios de colaboración do servizo de cooperación coa UNED: acondicionamento dos espazos da nova aula da UNED)

